



O Software libre nas Pequenas e Medianas Empresas de Galicia

Edición 2012

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2013

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0

Recoñecemento – Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-sa/3.0/deed.gl>

O Software libre nas Pequenas e Medianas empresas de Galicia

Edición 2012

Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)

Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)
Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia

Santiago de Compostela

2013

Índice

INTRODUCCIÓN	5
METODOLOXÍA DO ESTUDO	6
I. O SOFTWARE LIBRE NAS PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS DE GALICIA	8
I.1.Principais datos do Software Libre	8
I.2. Empresas que non usan Software Libre	35
I.3. Visión xeral das empresas	41
I.4. Conclusións	52

INTRODUCCIÓN

O presente informe ofrece os resultados relativos á implantación e uso de Software Libre nas empresas de 10 a 249 traballadores/as de Galicia, procedentes da “Enquisa ás empresas sobre a Sociedade da información en Galicia”, realizada polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

A finalidade desta investigación é obter información, elementos de diagnóstico, determinación de necesidades, prospectiva, seguemento e avaliación que permitan determinar a situación e a evolución dos indicadores da Sociedade da Información no relativo ao Software Libre entre o tecido empresarial galego.

A información relativa aos indicadores de Software Libre contida neste informe estrutúrase nos seguintes apartados expositivos:

- Principais datos do Software Libre. Analízase o grao de penetración do Software Libre e do Software Privativo segundo as características das empresas e o seu aloxamento en ordenadores e/ou servidores.
- Características das empresas que non utilizan Software Libre. Este punto céntrase na análise das motivacións e perspectivas das entidades que non utilizan o Software Libre.
- Perspectiva Xeral das empresas sobre o Software Libre. Este punto céntrase na perspectiva de evolución destes produtos no futuro para as empresas e a utilidade percibida.

METODOLOXÍA DO ESTUDO

O presente estudo sobre o Software Libre nas empresas galegas realizouse entre as entidades de 10 a 249 asalariados/as, atendendo aos criterios metodolóxicos que expoñemos de seguido:

■ **Ámbito:** Galicia.

■ **Universo:** sociedades con actividade en Galicia, de 10 a 249 asalariados/as que non son persoas físicas, agrupadas en 14 grupos clasificatorios de actividades CNAE. O universo das empresas de 10 a 249 asalariados/as que non son persoas físicas en Galicia é finito, cifrado en 8.177 entidades segundo a explotación do Directorio de Empresas do IGE do ano 2010.

■ **Tipo de enquisa:** Entrevista autoadministrada con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefónica ou persoalmente para a súa cobertura.

■ **Tamaño da mostra:** 388 entrevistas.

■ **Afixación:** Polietápica: estratificada proporcional en primeira fase, en base ao volume de emprego, actividade e provincia de localización, nunha segunda fase selección aleatoria da empresa dentro de cada un dos estratos definidos.

■ **Período de referencia:** ano 2012.

■ **Erro mostral:** Cun nivel de confianza do 95,5% (2 sigmas) e $p=q=0,5$ como caso máis desfavorable, a marxe de erro para o conxunto da mostra é de $\pm 4,95\%$.

■ **Traballo de campo:** do 30 de marzo ao 17 de xuño de 2012.

Ao longo da exposición, para cada variable de interese amósanse inicialmente os valores globais, para logo descender ata outras variables independentes como a provincia, o número de empregados/as ou a actividade da empresa, neste último caso ofrecendo as desagregacións de datos para aquelas actividades económicas que teñen representatividade estatística.

Software libre é calquera programa informático que pode ser executado, copiado, distribuído, estudado, cambiado e/ou mellorado sen necesidade de pedir permiso nin pagar licenzas de uso ao seu desenvolvedor. De modo máis preciso, software libre é aquel que concede aos usuarios as catro liberdades:

- Liberdade 0. Liberdade de usar o programa con calquera propósito.
- Liberdade 1. Liberdade de estudar como funciona o programa e adaptalo ás necesidades

particulares. Unha condición necesaria para isto é o acceso ao código fonte.

- Liberdade 2. Liberdade de distribuír copias a calquera.
- Liberdade 3. Liberdade de mellorar o programa e facer públicas as melloras, de xeito que toda a comunidade se beneficie. Unha condición necesaria para isto é o acceso ao código fonte.

Un programa é software libre se os usuarios teñen todas estas liberdades. Así pois, debería ter a liberdade de distribuír copias, sexa con ou sen modificacións, sexa de balde ou cobrando unha cantidade pola distribución, a calquera.

Software privativo, pola contra, é aquel programa informático que o usuario non ten concedida algunha das liberdades anteriores. Normalmente o usuario non dispón de acceso ao código fonte e polo tanto nin pode estudalo, nin modificalo; e tampouco pode copialo nin distribuílo libremente. Ademais este tipo de software soe levar aparelado un custe de adquisición de licenzas de uso variable en función do número de usuarios do mesmo.


I. O SOFTWARE LIBRE NAS PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS DE GALICIA

I.1. Principais datos do Software Libre

- O 73,9% das empresas de 10 a 249 traballadores/as de Galicia dispón de Software Libre (10,3 puntos porcentuais máis que no ano 2010), un 65,1% nos ordenadores e un 39,9% nos servidores.
- O maior incremento do software libre obsérvase nas aplicacións empregadas nos ordenadores de escritorio (20,7 puntos, do 42,4% ata o 63,1%), aínda que tamén se ve un evidente e positivo aumento no uso de sistemas operativos libres (13,1 puntos, do 25,3% ata o 38,4%).
- Este incremento no uso de sistemas operativos libres nos equipos de escritorio vai acompañado dun descenso de 15,1 puntos no uso de sistemas operativos privativos.
- As aplicacións de software libre máis frecuentes nas empresas son os navegadores de Internet (45,4%), as ofimáticas (39,1%), xestores de correo (33,8%) e as de antivirus e seguridade (30,7%).
- En termos evolutivos practicamente todas as aplicacións de Software Libre experimentaron un forte crecemento nos últimos anos, especialmente as de ofimática (10,3 puntos porcentuais máis que no ano 2010), antivirus e seguridade (10 puntos porcentuais máis) ou xestión empresarial (8,6 puntos porcentuais máis).

G.1. EMPRESAS CON ORDENADORES E SERVIDORES

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas)



O Software Libre nas pequenas e medianas empresas de Galicia

O 100% das empresas enquisadas afirmou ter ordenadores de usuario, e un 83,1% declarou ter servidores. O número medio de ordenadores de usuario por empresa é de 11,9 equipos; o número medio de servidores nas empresas que dispoñen deles, é de 2,1.

C.1. EMPRESAS CON ORDENADORES E SERVIDORES SEGUNDO A PROVINCIA

Equipamento	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Ordenadores	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
Servidores	80,9	84,1	78,9	88,3	72,6	83,1

Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas

Fonte: OSIMGA

A dispoñibilidade total de ordenadores nas empresas galegas de 10 a 249 traballadores/as destaca fronte á algo máis reducida de servidores. Na provincia de Ourense a porcentaxe de empresas con servidores é a máis reducida entre as provincias galegas (78,9%) mentres que en Pontevedra acadou o 88,3%.

C.2. EMPRESAS CON ORDENADORES E SERVIDORES SEGUNDO A ACTIVIDADE

Equipamento	TIPO DE ACTIVIDADE (%)			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Ordenadores	100,0	100,0	100,0	100,0
Servidores	81,7	80,3	84,8	83,1

Base: empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas

Fonte: OSIMGA

O tipo de actividade non afecta de xeito significativo á dispoñibilidade de servidores, xa que no sector da Construción a porcentaxe de dispoñibilidade de servidores é do 80,3%, aumentando ata o 84,8% nas empresas do sector Servizos.

C.3. EMPRESAS CON ORDENADORES E SERVIDORES SEGUNDO O N° DE ASALARIADOS / AS

Equipamento	N° DE ASALARIADOS / AS (%)				Total
	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 249	
Ordenadores	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0
Servidores	77,4	88,1	98,3	94,3	83,1

Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas
 Fonte: OSIMGA

O número de asalariados/as incide claramente na dispoñibilidade de equipamentos, a maior tamaño da empresa maior presenza de servidores centrais, chegando ao 98,3% das empresas galegas que contan cunha plantilla entre 50 e 99 asalariados/as ou ao 94,3% nas de 100 a 249 asalariados/as.

C.4. MEDIA DE EQUIPOS SEGUNDO A PROVINCIA

Equipamento	PROVINCIA (Medias)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Ordenadores	11,4	6,7	9,2	14,0	13,3	11,9

Base: empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e teñen ordenadores
 Fonte: OSIMGA

Equipamento	PROVINCIA (Medias)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Servidores	2,1	1,8	2,3	2,2	2,1	2,1

Base: empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e teñen servidores
 Fonte: OSIMGA

O número medio de equipos varia sustancialmente coa localización da entidade, na provincia de Lugo obsérvase un menor número de equipos (ordenadores e servidores) mentres que as empresas con sede en Pontevedra contan con maior número de ordenadores.

C.5. MEDIA DE EQUIPOS SEGUNDO A ACTIVIDADE

Equipamento	TIPO DE ACTIVIDADE (Medias)			Total
	Industria	Construcción	Servizos	
Ordenadores	12,1	9,1	12,7	11,9

Base: empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e teñen ordenadores
 Fonte: OSIMGA

Equipamento	TIPO DE ACTIVIDADE (Medias)			Total
	Industria	Construcción	Servizos	
Servidores	2,1	1,7	2,3	2,1

Base: empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e teñen servidores
 Fonte: OSIMGA

As empresas galegas do sector Servizos contan con maior número de ordenadores de usuario por termo medio (12,7 equipos) e as empresas do sector da Construcción son as que presentan o número medio de ordenadores máis baixo (9,1 equipos). Cando nos referimos a servidores, a dotación mantense nos mesmos parámetros, resultando máis equipadas as empresas dedicadas aos Servizos (2,3 equipos) e en menor medida as dedicadas ao sector Construcción (1,7 equipos).

C.6. MEDIA DE EQUIPOS SEGUNDO O Nº DE ASALARIADOS/AS

Equipamento	Nº DE ASALARIADOS / AS (Medias)				Total
	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 249	
Ordenadores	6,5	13,4	29,2	42,8	11,9

Base: empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e teñen ordenadores
 Fonte: OSIMGA

Equipamento	Nº DE ASALARIADOS / AS (Medias)				Total
	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 249	
Servidores	1,6	2,0	3,4	7,3	2,1

Base: empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e teñen servidores
 Fonte: OSIMGA


O Software Libre nas pequenas e medianas empresas de Galicia

A media de equipos cos que contan as empresas medra a medida que aumenta o número de empregados/as. A dotación de ordenadores aumenta desde os 6,5 equipos de media ata os 42,8 das empresas de 100 a 249 empregados/as. No caso dos servidores a media vai do 1,6 nas empresas máis pequenas de 10 a 19 empregados / as ata a media de 7,3 equipos nas máis grandes.

G.2. EVOLUCIÓN DO INDICADOR Empresas con Software Libre

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores que non son persoas físicas)




Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

O 73,9% das empresas galegas dispón de Software Libre. A evolución segue unha tendencia positiva de cremento, experimentando un incremento de 10,3 puntos porcentuais con respecto ao ano 2010.

G.3. EMPRESAS CON SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas)




Fonte: OSIMGA

A presenza do Software Libre en Galicia oscila entre o 71,8% que se acada nas empresas de Pontevedra, ata o 78,4% que se acada nas empresas de Lugo e Ourense.

G.4. EMPRESAS CON SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / es que non son persoas físicas)




Fonte: OSIMGA

Existen 6,4 puntos porcentuais de diferenza entre a presenza de Software Libre nas empresas dedicadas á Industria (77,3%) e as empresas dedicadas á Construcción (70,9%).

G.5. EMPRESAS CON SOFTWARE LIBRE SEGUNDO O Nº DE ASALARIADOS / AS

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas)



Fonte: OSIMGA

As empresas que teñen menos traballadores/as (de 10 a 19) son as que afirman dispoñer en menor medida de Software Libre (73,1%), fronte o 76,7% que se acada nas empresas grandes de 100 a 249 traballadores/as.


A presenza do Software Libre sitúase no 73,9% en termos globais, desglosándose nun 65,1% de empresas con Software Libre en ordenadores e nun 39,9% das empresas con Software Libre en servidores.

G.6. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas con Software Libre en ordenadores e servidores

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas)



Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

O Software Libre nas pequenas e medianas empresas de Galicia

Se consideramos soamente as empresas con servidores, a porcentaxe de empresas que usan Software Libre nos servidores elévase ao 48%.

En termos evolutivos, a presenza do Software Libre tanto en ordenadores como en servidores continúa subindo respecto a anos anteriores, aínda que de xeito máis ralentizado. Nos ordenadores, o crecemento cífrase en 1,9 puntos porcentuais máis, mentres que nos servidores experimentouse un incremento de 3,4 puntos porcentuais.

O feito de que o incremento de Software Libre no total de equipos informáticos sexa superior ao que se rexistra en ordenadores e servidores é debido a unha nova redistribución do Software Libre nos equipos. Concretamente, empresas con Software Libre, tanto en ordenadores como en servidores, mantivérono só nun deles e, pola contra, novas empresas comezaron a usar Software Libre no ano 2012.

C.7. EMPRESAS CON SOFTWARE LIBRE EN ORDENADORES E SERVIDORES SEGUNDO A PROVINCIA

Software Libre	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Ordenadores	65,4	71,9	72,9	62,1	60,8	65,1
Servidores	38,8	41,2	32,6	43,9	32,7	39,9
Total equipos	73,4	78,4	78,4	71,8	75,5	73,9

Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas
Fonte: OSIMGA

En liñas xerais, é maior a porcentaxe de empresas que dispoñen de Software Libre nos ordenadores que nos servidores. Ourense ten unha proporción de empresas con Software Libre nos ordenadores máis alta que as outras provincias. Pola contra, Pontevedra presenta a porcentaxe máis alta de empresas con Software Libre nos servidores.

C.8. EMPRESAS CON SOFTWARE LIBRE EN ORDENADORES E SERVIDORES SEGUNDO A ACTIVIDADE

Software Libre	TIPO DE ACTIVIDADE (%)			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Ordenadores	67,1	68,5	62,7	65,1
Servidores	47,3	28,4	39,5	39,9
Total equipos	77,3	70,9	72,9	73,9

Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas
Fonte: OSIMGA

A dispoñibilidade de ordenadores con Software Libre é maior nas empresas galegas do sector da Construción (68,5%) mentres que as relacionadas coa Industria son as que contan con maior porcentaxe de empresas con Software Libre nos servidores (47,3%).

C.9. EMPRESAS CON SOFTWARE LIBRE EN ORDENADORES E SERVIDORES SEGUNDO ASALARIADOS / AS


Software Libre	Nº DE ASALARIADOS / AS (%)				Total
	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 249	
Ordenadores	63,6	66,9	68,0	65,4	65,1
Servidores	36,4	42,7	42,5	63,9	39,9
Total equipos	73,1	74,5	75,4	76,7	73,9

Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas
 Fonte: OSIMGA

A presenza de Software Libre nos ordenadores e servidores aumenta, en liñas xerais, a medida que se incrementa o tamaño da empresa, especialmente no caso dos servidores que pasa do 36,4% de empresas de 10 a 19 traballadores/as ao 63,9% de empresas de 100 a 249 traballadores/as.

G.7. PORCENTAXE DE ORDENADORES / SERVIDORES CON SOFTWARE LIBRE RESPECTO AO NÚMERO TOTAL DE ORDENADORES / SERVIDORES

(% sobre o total de ordenadores/servidores das empresas de 10 a 249 traballadores/as que non son persoas físicas e teñen ordenadores/servidores)




Fonte: OSIMGA

Dos ordenadores e servidores dispoñibles nas empresas que dispoñen destes equipos, a metade aproximadamente contan con Software Libre, lixeiramente en menor medida que nos servidores.

G.8. EMPRESAS CON SOFTWARE PRIVATIVO EN ORDENADORES E SERVIDORES

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas)



Fonte: OSIMGA

O 91,3% das empresas galegas contan con Software Privativo, máis frecuentemente implantado nos ordenadores de usuario que nos servidores. A porcentaxe de empresas con Software Privativo experimentou un descenso de 6 puntos porcentuais no período 2010-2012, sendo máis significativo nos ordenadores que nos servidores.

C.10. EMPRESAS CON SOFTWARE PRIVATIVO EN ORDENADORES E SERVIDORES SEGUNDO A PROVINCIA

Software Privativo	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Ordenadores	89,6	83,2	92,8	84,7	81,8	86,9
Servidores	69,8	68,2	66,7	75,4	58,1	70,6
Total equipos	92,7	87,7	96,0	91,4	82,7	91,3

Base: empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas
Fonte: OSIMGA

A maior utilización de Software Privativo nos ordenadores de usuario prodúcese na provincia de Ourense (92,8%), mentres que nos servidores a maior presenza dáse en Pontevedra (75,4%).

C.11. EMPRESAS CON SOFTWARE PRIVATIVO EN ORDENADORES E SERVIDORES SEGUNDO A ACTIVIDADE

Software Privativo	TIPO DE ACTIVIDADE (%)			Total
	Industria	Construcción	Servizos	
Ordenadores	84,0	83,2	90,1	86,9
Servidores	66,8	71,1	72,6	70,6
Total equipos	89,4	92,2	92,2	91,3

Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas
 Fonte: OSIMGA

A maior dispoñibilidade de Software Privativo tanto en ordenadores como en servidores, dáse no sector Servizos cunha porcentaxe que ascende ata o 90,1% nos ordenadores e de 72,6% nos servidores.

C.12. EMPRESAS CON SOFTWARE PRIVATIVO EN ORDENADORES E SERVIDORES SEGUNDO O Nº DE ASALARIADOS / AS


Software Privativo	Nº DE ASALARIADOS / AS (%)				Total
	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 249	
Ordenadores	84,2	88,2	97,5	94,3	86,9
Servidores	64,7	72,9	95,0	87,2	70,6
Total equipos	89,7	91,4	98,3	100,0	91,3

Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas
 Fonte: OSIMGA

A presenza de Software Privativo nos equipos, tanto en ordenadores como en servidores, aumenta a medida que o fai o número de asalariados/as. Deste xeito, atopamos que o Software Privativo está presente no 100% das empresas de 100 a 249 traballadores/as.

G.9. PORCENTAXE DE ORDENADORES / SERVIDORES CON SOFTWARE PRIVATIVO RESPECTO AO NÚMERO TOTAL DE ORDENADORES / SERVIDORES

(% sobre o total de ordenadores/servidores das empresas de 10 a 249 traballadores/as que non son persoas físicas e teñen ordenadores/servidores)



Fonte: OSIMGA


Un 81% dos servidores das empresas con este tipo de equipos posúen Software Privativo, fronte a un 75,9% de ordenadores de usuario das empresas.

G.10. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas con sistemas operativos e aplicacións libres e propietarias nos ordenadores

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas)



Fonte: OSIMGA


⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

Aínda que o emprego do Software Privativo nos ordenadores permanece como maioritario entre as empresas tanto no que se refire aos sistemas operativos (76,4%) como ás aplicacións (84,1%), percíbese unha tendencia positiva cara o Software Libre. Atendendo ao uso de sistemas operativos,

constátase un incremento de 13,1 puntos porcentuais (dun 25,3% a un 38,4%) no uso de sistemas operativos libres, acompañado dun descenso de 15,1 puntos porcentuais no uso de sistemas operativos privativos (dun 91,5% ata un 76,4%), o que apunta a que as empresas comezan a confiar na calidade e utilidade dos sistemas operativos libres para os ordenadores de usuario. Ademais, o uso de aplicacións libres reflicte tamén un importante incremento (dun 42,4% a un 63,1%).

G.11. PORCENTAXE DE ORDENADORES CON SISTEMAS OPERATIVOS / APLICACIÓNS LIBRES E PROPIETARIAS RESPECTO AO NÚMERO DE ORDENADORES CON SOFTWARE LIBRE / PRIVATIVO

(% sobre os ordenadores das empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e teñen ordenadores con software libre / privativo)



Fonte: OSIMGA


Dos ordenadores con Software Privativo, os sistemas operativos e as aplicacións privativas están presentes en máis do 80% destes ordenadores. Cabe destacar que dos ordenadores con Software Libre, o 55,5% usan sistemas operativos libres e o 79,5% teñen aplicacións libres.

G.12. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas con sistemas operativos e aplicacións libres e privativas nos servidores

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e teñen servidores)



Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011


O Software Libre nas pequenas e medianas empresas de Galicia

A tendencia na evolución do uso de Software Libre nos servidores é moi similar ao caso dos ordenadores de usuario. Así, hai un incremento no uso de sistemas operativos libres de 9,5 puntos porcentuais, acompañado dun descenso no uso de sistemas operativos privativos de 15,2 puntos porcentuais.

No que respecta ás aplicacións, vese un aumento de 3,9 puntos porcentuais no uso de aplicacións libres, que a diferenza que nos ordenadores de usuario vai tamén acompañado dun descenso de 10,3 puntos porcentuais no uso de aplicacións privativas.

G.13. PORCENTAXE DE SERVIDORES CON SISTEMAS OPERATIVOS / APLICACIÓNS LIBRES E PROPIETARIAS RESPECTO AO NÚMERO DE SERVIDORES CON SOFTWARE LIBRE / PRIVATIVO

(% sobre os servidores das empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e teñen servidores con software libre / privativo)



Fonte: OSIMGA


A presenza do Software Libre nos servidores está máis próxima á presenza do Software Privativo que no caso dos ordenadores. Así, entre os servidores con Software Libre, tanto os sistemas operativos libres como as aplicacións libres, están implantados en 3 de cada 4 destes servidores.

G.14. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Aplicacións de software existentes nas empresas

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas)



Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para o ano 2011

As aplicacións máis empregadas nas empresas seguen sendo: ofimática (95,2%), os antivirus e programas de seguridade (94,5%), os navegadores de Internet (94,2%) e os xestores de correo (92,2%).

C.13. APLICACIÓNS DE SOFTWARE EXISTENTES SEGUNDO SEXAN DE SOFTWARE LIBRE OU PRIVATIVO

APLICACIÓNS DE SOFTWARE	TIPOLOXÍA DE SOFTWARE (%)		Total
	Software Privativo	Software Libre	
Ofimática	71,3	39,1	95,2
Navegador de Internet	62,3	45,4	94,2
Xestor de Correo	66,5	33,8	92,2
Antivirus e Seguridade	69,9	30,7	94,5
Xestión empresarial	71,6	17,8	87,6
Xestión de contidos web	33,1	12,6	45,1
Traballo en grupo e cooperac.	19,7	6,0	25,6
Educ. e formación a distancia	12,6	2,9	15,4
Desenvolv. de Software	15,8	5,6	19,9
Outras aplicacións de usuario	25,9	12,6	30,8

Base: empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas
Fonte: OSIMGA

O Software Libre nas pequenas e medianas empresas de Galicia


As aplicacións de Software Libre máis empregadas son o navegador de Internet (45,4%), xunto coas de ofimática (39,1%) e o xestor de correo (33,8%). As aplicacións de Software Privativo seguen sendo as máis nomeadas como habituais en xeral para todas as empresas: os programas de xestión empresarial (71,6%) seguidos dos relacionados coa ofimática (71,3%), e as de antivirus e seguridade (69,9%).

G.15. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Aplicacións de Software libre existentes nas empresas

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas)



Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011


En termos evolutivos practicamente todas as aplicacións de Software Libre experimentaron un forte crecemento nos últimos anos, especialmente as de ofimática (10,3 puntos porcentuais máis que no ano 2010), antivirus e seguridade (10 puntos porcentuais máis respecto ao ano 2010) ou xestión empresarial (8,6 puntos porcentuais máis).

G.16. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Idioma das aplicacións nas empresas

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas)



Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

O castelán continúa como lingua maioritaria nas aplicacións (98,9%). Porén, o galego experimentou un aumento de 5,6 puntos con respecto ao ano 2010. O uso do inglés é cada vez maior, acadando un 18,2% (unha diferenza con respecto ao ano 2010 de 6,6 puntos porcentuais).

C.14. IDIOMA DAS APLICACIÓNS NAS EMPRESAS SEGUNDO A PROVINCIA

Idioma	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Galego	10,7	11,2	17,3	7,9	0,0	9,5
Castelán	98,4	97,9	100,0	99,3	100,0	98,9
Inglés	18,5	5,8	9,3	20,3	31,8	18,2
Outros	0,4	2,1	1,5	1,8	0,0	1,1

Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas
Fonte: OSIMGA

A localización das empresas amósase como un factor de relevancia que inflúe con maior incidencia do galego na provincia de Ourense, mentres que a lingua inglesa nos programas resulta especialmente recorrente nas empresas con sede fóra de Galicia.

C.15. IDIOMA DAS APLICACIÓNS NAS EMPRESAS SEGUNDO A ACTIVIDADE

Idioma	TIPO DE ACTIVIDADE (%)			Total
	Industria	Construcción	Servizos	
Galego	6,6	11,8	10,4	9,5
Castelán	98,7	98,9	99,1	98,9
Inglés	20,2	19,1	16,6	18,2
Outros	1,4	1,1	1,0	1,1

Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas

Fonte: OSIMGA

Segundo a actividade das empresas, o idioma galego presenta unha maior incidencia nas aplicacións das empresas da Construción (11,8%). O inglés (20,2%) é máis frecuente nas aplicacións das empresas do sector industrial. O castelán é o idioma maioritario das aplicacións nas empresas de todos os sectores. As aplicacións informáticas das empresas industriais son as que presentan menor uso da lingua galega (6,6%).

C.16. IDIOMA DAS APLICACIÓNS NAS EMPRESAS SEGUNDO O Nº DE ASALARIADOS / AS

Idioma	Nº DE ASALARIADOS / AS (%)				Total
	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 249	
Galego	10,6	8,6	9,8	0,0	9,5
Castelán	99,2	98,0	100,0	100,0	98,9
Inglés	14,3	21,0	24,6	38,9	18,2
Outros	0,3	1,6	4,8	0,0	1,1

Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas

Fonte: OSIMGA


O tamaño empresarial segue sendo un dos factores que máis incide no uso do inglés nas aplicacións, acadando o seu máximo nas aplicacións das empresas máis grandes onde chega ata o 38,9%.

G.17. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Nivel de satisfacción do uso do Software libre nas empresas

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non persoas físicas e teñen Software Libre)




Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

O nivel de satisfacción co uso do Software Libre nas empresas galegas mantense en niveis próximos ao 7 no período 2010-2012, nunha escala de 0 a 10.

G.18. NIVEL DE SATISFACCIÓN DO USO DO SOFTWARE NAS EMPRESAS.

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e teñen Software Libre / Privativo)



Fonte: OSIMGA

En 2012 o grao de satisfacción manifestado polas empresas cara o Software Privativo é de 7,2 puntos, nunha escala de 0 a 10, superando lixeiramente a valoración do Software Libre (6,7).

C.17. NIVEL DE SATISFACCIÓN DO USO DO SOFTWARE NAS EMPRESAS SEGUNDO A PROVINCIA

Nivel medio de satisfacción Valores promedio en escala de 0 a 10	PROVINCIA (Medias)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Software Libre	6,6	6,8	6,7	6,7	7,4	6,7

Base: empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e teñen Software Libre
Fonte: OSIMGA

Nivel medio de satisfacción Valores promedio en escala de 0 a 10	PROVINCIA (Medias)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Software Privativo	7,2	7,4	6,7	7,3	7,8	7,2

Base: empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e teñen Software Privativo
Fonte: OSIMGA

Por provincias, non se observan grandes diferenzas segundo a localización da sede das empresas. As empresas que operan en Galicia e que teñen a súa sede principal fóra da nosa Comunidade son as que mostran un maior nivel de satisfacción co uso do Software Libre (valoración: 7,4). Do mesmo xeito, as empresas que presentan unha maior satisfacción co Software Privativo do que dispoñen son as galegas con sede fóra de Galicia (valoración: 7,8).

C.18. NIVEL DE SATISFACCIÓN DO USO DO SOFTWARE NAS EMPRESAS SEGUNDO A ACTIVIDADE

Nivel medio de satisfacción Valores promedio en escala de 0 a 10	ACTIVIDADE (Medias)			Total
	Industria	Construcción	Servizos	
Software Libre	6,9	6,6	6,7	6,7

Base: empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e teñen Software Libre
Fonte: OSIMGA

Nivel medio de satisfacción Valores promedio en escala de 0 a 10	ACTIVIDADE (Medias)			Total
	Industria	Construcción	Servizos	
Software Privativo	7,0	7,3	7,4	7,2

Base: empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e teñen Software Privativo
Fonte: OSIMGA

A actividade das empresas tampouco marca diferenzas relevantes no nivel de satisfacción, tanto no uso do Software Libre como do Software Privativo.

C.19. NIVEL DE SATISFACCIÓN DO USO DO SOFTWARE NAS EMPRESAS SEGUNDO O Nº DE ASALARIADOS / AS

Nivel medio de satisfacción Valores promedio en escala de 0 a 10	Nº DE ASALARIADOS / AS (Medias)				Total
	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 249	
Software Libre	6,5	6,9	7,0	7,2	6,7

Base: empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e teñen Software Libre
Fonte: OSIMGA

Nivel medio de satisfacción Valores promedio en escala de 0 a 10	Nº DE ASALARIADOS / AS (Medias)				Total
	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 249	
Software Privativo	7,1	7,5	7,2	7,2	7,2

Base: empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e teñen Software Privativo
Fonte: OSIMGA


A satisfacción das empresas co uso do Software Libre sobrepasa a puntuación de 7 nas empresas de 50 a 249 traballadores/as, coincidindo ademais coa valoración do uso de Software Privativo. Porén, as empresas con menor número de asalariados/as é onde a valoración do uso do Software Libre é máis baixa (6,5) e menor que a valoración do uso do Software Privativo.

G.19. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Previsión da evolución do uso do Software Libre nos ordenadores das empresas

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e teñen Software Libre)



Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

Unha de cada catro empresas galegas con Software Libre opina que aumentará o uso do Software Libre nos ordenadores e unha de cada tres que se manterá igual. Cabe destacar que descende de maneira importante o número de empresas que non teñen opinión ao respecto, pasando dun 52,4% a un 34,8%

C.20. PREVISIÓN DA EVOLUCIÓN DO USO DO SOFTWARE LIBRE NOS ORDENADORES SEGUNDO A PROVINCIA

Previsión da evolución do uso do Software Libre	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Diminuirá	2,9	0,0	0,0	1,1	0,0	1,5
Manterase igual	29,7	42,7	42,0	46,0	30,1	37,8
Aumentará	29,8	13,6	26,9	22,4	37,3	25,9
Ns/Nc	37,5	43,7	31,1	30,5	32,5	34,8

Base: empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e teñen Software Libre
Fonte: OSIMGA

O Software Libre nas pequenas e medianas empresas de Galicia

A maior previsión de que o Software Libre aumentaría nos ordenadores foi apoiada por un 37,3% das empresas con sede fóra de Galicia. Das que teñen a súa sede en Galicia, a maior porcentaxe de previsión dunha evolución favorable é das empresas que están na Coruña, cun 29,8% que opina que aumentará.

C.21. PREVISIÓN DA EVOLUCIÓN DO USO DO SOFTWARE LIBRE NOS ORDENADORES SEGUNDO A ACTIVIDADE

Previsión da evolución do uso do Software Libre	TIPO DE ACTIVIDADE (%)			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Diminuirá	1,3	0,0	2,3	1,5
Manterase igual	45,5	41,2	32,1	37,8
Aumentará	25,3	18,7	28,5	25,9
Ns / nc	27,9	40,1	37,1	34,8

Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas e teñen Software Libre
Fonte: OSIMGA

As empresas que se dedican á prestación de Servizos son as máis positivas coa evolución do uso do Software Libre nos ordenadores, considerando que aumentará o 28,5% delas.

C.22. PREVISIÓN DA EVOLUCIÓN DO USO DO SOFTWARE LIBRE NOS ORDENADORES SEGUNDO O Nº DE ASALARIADOS / AS


Previsión da evolución do uso do Software Libre	Nº DE ASALARIADOS / AS (%)				Total
	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 249	
Diminuirá	2,2	1,0	0,0	0,0	1,5
Manterase igual	39,4	34,8	44,4	26,2	37,8
Aumentará	24,6	26,6	26,0	39,2	25,9
Ns / nc	33,8	37,6	29,6	34,6	34,8

Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas e teñen Software Libre
Fonte: OSIMGA

Por tamaño da empresa, as máis grandes teñen a opinión de que aumentará o uso de Software Libre nun 39,2%, mentres que esta porcentaxe sitúase arredor do 25% nas pequenas ou medianas empresas.

G.20. PREVISIÓN DA EVOLUCIÓN DO USO DO SOFTWARE LIBRE NOS SERVIDORES

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e teñen Software Libre)



Fonte: OSIMGA

Non se dispón de datos de anos anteriores.

A previsión de que aumentará o uso do Software Libre nos servidores ascende a un 16,6%. Esta porcentaxe é case 9,3 puntos porcentuais menor que nos ordenadores. A previsión de que a presenza do Software Libre se manterá igual nos servidores é do 36,6% (fronte ao 37,8% da previsión que indicaban as empresas para os ordenadores).

C.23. PREVISIÓN DA EVOLUCIÓN DO USO DO SOFTWARE LIBRE NOS SERVIDORES SEGUNDO A PROVINCIA

Previsión da evolución do uso do Software Libre	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Diminuirá	2,1	0,0	1,7	2,4	0,0	1,8
Manterase igual	29,1	36,6	36,3	43,6	43,3	36,6
Aumentará	18,4	13,5	20,5	12,9	24,2	16,6
Ns / nc	50,3	49,9	41,5	41,1	32,5	45,0

Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas e teñen Software Libre
Fonte: OSIMGA

As empresas da provincia de Pontevedra que teñen Software Libre son as que máis confían en que o seu uso nos servidores se manterá igual, mentres que as máis positivas en relación á previsión de evolución son as que teñen a súa sede fóra de Galicia (24,2%).

C.24. PREVISIÓN DA EVOLUCIÓN DO USO DO SOFTWARE LIBRE NOS SERVIDORES SEGUNDO A ACTIVIDADE

Previsión da evolución do uso do Software Libre	TIPO DE ACTIVIDADE (%)			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Diminuirá	1,3	0,8	2,5	1,8
Manterase igual	43,5	34,2	33,4	36,6
Aumentará	18,0	14,1	16,3	16,6
Ns / nc	37,2	50,9	47,8	45,0

Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas e teñen Software Libre
 Fonte: OSIMGA

O 43,5% das empresas que se dedican ao sector Industria opinan que se manterá igual o uso do Software libre nos servidores, aínda que a actividade non parece influír na previsión da evolución do Software Libre en servidores.

C.25. PREVISIÓN DA EVOLUCIÓN DO USO DO SOFTWARE LIBRE NOS SERVIDORES SEGUNDO O Nº DE ASALARIADOS / AS

Previsión da evolución do uso do Software Libre	Nº DE ASALARIADOS / AS (%)				Total
	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 249	
Diminuirá	3,0	0,5	0,0	0,0	1,8
Manterase igual	33,6	41,0	46,5	20,6	36,6
Aumentará	16,2	14,5	15,4	44,7	16,6
Ns / Nc	47,2	44,1	38,1	34,6	45,0

Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas e teñen Software Libre
 Fonte: OSIMGA


As empresas máis grandes en canto ao número de empregados/as son as que presentan as opinións máis positivas sobre a evolución do uso do Software Libre nos servidores (un 44,7% consideran que aumentará o uso do mesmo).

G.21. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Implantadores do Software Libre nas empresas

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e teñen Software Libre)



Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

A maioría das empresas (35,5%) seguen a implantar por si mesmas o Software Libre que empregan, aínda que en valores próximos ao 32,9% que recorreron a un proveedor informático comercial para poder utilizalo.

C.26. IMPLANTADORES DO SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A PROVINCIA

Implantadores do Software Libre nas empresas	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
A propia empresa	38,7	33,7	36,4	34,3	25,1	35,5
Un proveedor informático comercial	27,2	37,6	31,6	36,4	41,1	32,9
Outro diferente	0,9	0,0	6,0	0,4	0,0	1,0

Base: empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e teñen Software Libre

Fonte: OSIMGA

As empresas con sede na Provincia da Coruña presentan a porcentaxe máis alta en canto á autoxestión do Software Libre, cun 38,7%, seguida das que se ubican en Ourense cun 36,4%. Doutra banda, as empresas que máis recorren a informáticos externos son as de sede fóra de Galicia, cun 41,1%.

C.27. IMPLANTADORES DO SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A ACTIVIDADE

Implantadores do Software Libre nas empresas	TIPO DE ACTIVIDADE (%)			Total
	Industria	Construcción	Servizos	
A propia empresa	39,3	29,1	34,9	35,5
Un provedor informático comercial	33,5	26,6	35,0	32,9
Outro diferente	0,5	3,8	0,3	1,0

Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas e teñen Software Libre
 Fonte: OSIMGA

As empresas que acoden en maior medida a provedores comerciais de Software Libre son as que se dedican aos Servizos (35,0%) mentres que o 39,3% das empresas do sector Industria ocúpense de xestionalo por si mesmas.

C.28. IMPLANTADORES DO SOFTWARE LIBRE SEGUNDO O Nº DE ASALARIADOS / AS

Implantadores do Software Libre nas empresas	Nº DE ASALARIADOS / AS (%)				Total
	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 249	
A propia empresa	31,6	36,4	43,8	65,4	35,5
Un provedor informático comercial	38,3	29,4	24,6	0,0	32,9
Outro diferente	1,2	0,5	0,0	3,7	1,0

Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas e teñen Software Libre
 Fonte: OSIMGA

O 65,4% das empresas máis grandes (de 100 a 249 empregados/as) xestionan elas mesmas a implantación do Software Libre. No entanto, o 38,3% das empresas máis pequenas (de 10 a 19 empregados/as) acoden a un provedor informático para realizar este labor.


I.2. Empresas que non usan Software Libre

- O 26,1% das empresas galegas non utilizan Software Libre nos seus equipos informáticos.
- A porcentaxe de empresas que non prevén o uso futuro do Software Libre mantén o descenso que se iniciou o ano pasado, baixando do 61,6% no ano 2010 ata o 41,1% no 2012. Un 16,7% das empresas que non usa Software Libre prevé implantalo antes de dous anos.
- O 56,9% das empresas consideran que, aínda que non dispoñen de Software Libre, a súa utilización sería beneficioso para elas, 21,9 puntos máis que no ano 2010.
- Os motivos máis sinalados polas empresas que non usan o Software Libre son o descoñecemento ou falta de información (49,4%), a complexidade ou o risco ante o cambio (38,6%) ou a falta de formación ao respecto (35,6%).

G.22. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Previsión do uso do Software Libre nas empresas que non o usan
Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e non teñen Software Libre)



Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

A porcentaxe de empresas que non prevén o uso futuro do Software Libre mantén o descenso que se iniciou o ano pasado, baixando do 61,6% no ano 2010 ata o 41,1% no 2012.

C.29. PREVISIÓN DO USO DO SOFTWARE LIBRE NAS EMPRESAS SEGUNDO A ACTIVIDADE

Previsión do uso do Software Libre	TIPO DE ACTIVIDADE (%)			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Antes de un ano	4,7	4,3	4,1	4,3
Entre 1 e 2 anos	17,4	4,6	13,2	12,4
Máis de 2 anos	27,9	32,8	33,6	31,9
Nunca	15,5	7,8	8,9	10,3
Non o consideran	34,5	50,5	40,3	41,1
N	26	21	54	101

Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas e non teñen Software Libre
 Fonte: OSIMGA


A actividade é un factor que inflúe na previsión de uso de Software Libre, nun prazo de 1 a 2 anos o 17,4% das empresas do sector Industria ten previsto utilizar o Software Libre, e nun prazo máis longo de máis de 2 anos o 33,6% do Servizos. No sector Construción, máis da metade (50,5%) aínda non o consideraron.

G.23. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Empresas que cren que se beneficiarían co uso do Software Libre

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e non teñen Software Libre)




Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

Incrementábase a porcentaxe de empresas que consideran que se beneficiarían co uso do Software Libre, acadando un 56,1% no ano 2012, cun incremento de 21,9 puntos con respecto ao ano 2010.

G.24. EMPRESAS QUE CREN QUE SE BENEFICIARÍAN CO USO DO SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e non teñen Software Libre)




Fonte: OSIMGA

Por ubicación da empresa, o 100% das empresas enquisadas con sede fóra de Galicia opina que se beneficiarán co uso do Software Libre, seguidas das de Ourense cun 84,1%. As máis reacias a implantación do Software Libre son as empresas de Lugo.

G.25. EMPRESAS QUE CREN QUE SE BENEFICIARÍAN CO USO DO SOFTWARE LIBRE SEGUNDO O TAMAÑO DA EMPRESA

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e non teñen Software Libre)




Fonte: OSIMGA

A medida que se incrementa o número de asalariados/as, as empresas cren que sairían beneficiadas polo uso do Software Libre. Así, as de 100 a 249 traballadores/as acadan un 77,6% neste indicador fronte ao 56,1% das que teñen de 10 a 19 traballadores/as.

G.26. EMPRESAS QUE CREN QUE SE BENEFICIARÍAN CO USO DO SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas física e non teñen Software Libre)



Fonte: OSIMGA


De novo, a actividade é un factor que inflúe dun xeito evidente nos datos, un 64,2% de empresas do sector Servizos cren que sacarían máis partido ao emprego do Software Libre e as que cren que sairán menos beneficiadas coa utilización do Software Libre son as da Industria cun 46,5%.

G.27. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Motivos polos que as empresas non usan Software Libre

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e non teñen Software Libre)



Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

Os motivos máis sinalados polas empresas que non usan o Software Libre son o descoñecemento ou falta de información (49,4%), a complexidade ou o risco ante o cambio (38,6%) ou a falta de formación ao respecto (35,6%). En termos evolutivos, con respecto ao ano 2010, obsérvase un incremento de todas as barreiras para non usar Software Libre, reducíndose o número de empresas que non saben ou non contestan sobre as razóns para non usar Software Libre.

C.30. MOTIVOS POLOS QUE AS EMPRESAS NON USAN SOFTWARE LIBRE SEGUNDO A ACTIVIDADE

Motivacións de non uso do software libre (Resposta múltiple)	TIPO DE ACTIVIDADE (%)			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Descoñecen o SL ou fáltalles información	60,2	29,2	52,5	49,4
Fáltalles formación	50,3	39,2	27,5	35,6
Faltan provedores ou soporte	45,1	39,5	21,2	31,0
Falta de persoal ou de cualificación	29,3	21,9	14,9	20,0
Incompatibilidade cos sistemas ou interlocutores actuais	29,1	31,0	19,0	24,3
Complexidade ou risco de cambio	42,0	57,6	29,9	38,6
Falta de subvencións públicas	23,7	41,0	22,2	26,4
Outro	5,0	3,2	2,2	3,1

Base: empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e non teñen Software Libre
Fonte: OSIMGA

Nos sectores de Industria e Servizos tamén consideran que o descoñecemento do Software Libre ou

a falta de información é o motivo principal para non dispoñer do mesmo. Non obstante, no caso do sector Construción destaca a complexidade ou risco de cambio (57,6%) xunto coa falta de subvencións públicas (41%).

I.3. Visión Xeral das Empresas


- O 54,8% das empresas galegas opina que o uso do Software Libre experimentará un incremento no mercado.
- O 13,1% das empresas consultadas prevé realizar un desenvolvemento de software na súa propia empresa e o 51,1% destas empresas valorarían positivamente que este fose en Software Libre.
- Un 13,5% das empresas recibiron accións comerciais en Software Libre fronte ao 43,5% que as recibiron en Software Privativo.
- As actuacións para incentivar o Software Libre nas empresas máis demandadas son: a potenciación de demostracións de funcionamento (46,9%) asesoramento no caso concreto de cada empresa (42,8%) e as axudas ou subvencións para a súa implantación (41,7%).

G.28. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Estimación da evolución do Software Libre no mercado

Evolución Galicia ⁽¹⁾

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas)



Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

A opinión das empresas amosa unha tendencia positiva de que o Software Libre aumentará a súa presenza no mercado (54,8%), sendo moi baixa a porcentaxe de empresas que cre que diminuirá.

C.31. ESTIMACION DA EVOLUCIÓN DO USO DO SOFTWARE LIBRE NO MERCADO SEGUNDO A PROVINCIA

Previsión da evolución do uso do Software Libre	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Diminuirá	7,1	5,6	0,0	3,7	0,0	4,7
Manterase igual	17,1	28,6	14,4	27,3	60,1	24,7
Aumentará	57,9	43,0	67,3	55,4	36,3	54,8

Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas

Fonte: OSIMGA

As empresas de Ourense rexistran a percepción máis favorable en relación a evolución do Software Libre no mercado, cunha previsión por parte do 67,3% das empresas que consideran que aumentará o seu uso.

C.32. ESTIMACION DA EVOLUCIÓN DO USO DO SOFTWARE LIBRE NO MERCADO SEGUNDO A ACTIVIDADE

Previsión da evolución do uso do Software Libre	TIPO DE ACTIVIDADE (%)			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Diminuirá	4,3	3,1	5,5	4,7
Manterase igual	22,3	26,6	25,3	24,7
Aumentará	57,6	59,2	51,6	54,8

Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas

Fonte: OSIMGA

En liñas xerais, todos os sectores manteñen a mesma opinión respecto a evolución do Software Libre, aínda que a porcentaxe máis elevada dáse nas empresas de Construción co 59,2% das empresas enquisadas que considera que aumentará o uso do Software Libre no mercado.

C.33. ESTIMACIÓN DA EVOLUCIÓN DO USO DO SOFTWARE LIBRE NO MERCADO SEGUNDO O Nº DE ASALARIADOS / AS

Previsión da evolución do uso do Software Libre	Nº DE ASALARIADOS / AS (%)				Total
	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 249	
Diminuirá	6,5	2,5	0,0	5,7	4,7
Manterase igual	25,7	23,6	26,5	15,7	24,7
Aumentará	50,9	59,7	57,9	65,8	54,8


Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas
 Fonte: OSIMGA

Son as empresas máis grandes, de 100 a 249 traballadores / as, as que ofrecen unha estimación máis favorable respecto a evolución do uso do Software Libre (65,8% cre que aumentará).

G.29. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

**Previsión de desenvolvemento do Software
Evolución Galicia ⁽¹⁾**

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas)




Fonte: OSIMGA

⁽¹⁾ Non se dispón de datos para os anos 2009 e 2011

A previsión dun futuro desenvolvemento de algún tipo Software en xeral por parte das empresas galegas mantense nos últimos anos en valores similares.

G.30. PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DO SOTFWARE SEGUNDO A PROVINCIA

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas)




Fonte: OSIMGA

As empresas da provincia da Coruña e con sede fóra de Galicia son as que en maior medida prevén un desenvolvemento do Software, cun 17,1%, mentres que na provincia de Lugo só o 2,4% prevé realizar este desenvolvemento.

G.31. PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DO SOTFWARE SEGUNDO O TAMAÑO DA EMPRESA

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas)




Fonte: OSIMGA

O tamaño da empresa parecer incidir na previsión futura de desenvolvemento de Software. As empresas de 50 a 99 traballadores/as son as que en maior medida prevén facer algún tipo de desenvolvemento relacionado co Software, cun 29,6%, seguido das de 100 a 249 traballadores/as (26,7%).

G.32. PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DO SOTFWARE SEGUNDO A ACTIVIDADE

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas)




Fonte: OSIMGA

Tamén a actividade amósase como un factor que inflúe nos datos: un 16,8% das empresas que se dedican ao sector Servizos opinan que levarán a cabo algún desenvolvemento do Software Libre, na Construción esta porcentaxe redúcese ata o 3%.

G.33. VALORACIÓN DO DESENVOLVEMENTO DE PRODUTOS EN SOFTWARE LIBRE

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas e que van encargar un desenvolvemento de Software)




Fonte: OSIMGA

O 51,5% das empresas galegas califica como positivo que o desenvolvemento de Software sexa en Software Libre.

G. 34. ACCIÓNS COMERCIAIS RECIBIDAS POLAS EMPRESAS.

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas)



Fonte: OSIMGA

As accións comerciais de Software Privativo que reciben as empresas reducíronse sensiblemente respecto ao ano anterior. Non obstante, seguen a ser máis frecuentes que as accións comerciais en Software Libre. No 2012 as accións comerciais referidas ao Software Libre representan o 13,5%, fronte ao 43,5% de Software Privativo.

C. 34. ACCIÓNS COMERCIAIS RECIBIDAS POLAS EMPRESAS SEGUNDO A PROVINCIA

Accións comerciais recibidas polas empresas	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Sobre Software Libre	12,4	16,7	14,7	12,9	18,2	13,5
Sobre Software Privativo	49,6	49,0	41,2	43,5	4,5	43,5

Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas

Fonte: OSIMGA

As empresas con sede fóra de Galicia son as que recibiron máis accións comerciais dirixidas a promocionar o Software Libre, cun 18,2%. No caso do Software Privativo a maior porcentaxe de accións comerciais centrouse nas empresas con sede na Coruña, cun 49,6%.

C.35. ACCIÓNS COMERCIAIS RECIBIDAS POLAS EMPRESAS SEGUNDO A ACTIVIDADE

Accións comerciais recibidas polas empresas	TIPO DE ACTIVIDADE (%)			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Sobre Software Libre	14,1	4,4	16,5	13,5
Sobre Software Privativo	46,2	52,6	38,2	43,5

Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas
 Fonte: OSIMGA

No sector Servizos, un 16,5% das empresas recibiron accións comerciais para promover o uso de Software Libre. No caso da Construción destaca o Software Privativo cun 52,6% de empresas que recibiron información comercial deste tipo.

C.36. ACCIÓNS COMERCIAIS RECIBIDAS POLAS EMPRESAS SEGUNDO O Nº DE ASALARIADOS / AS

Accións comerciais recibidas polas empresas	Nº DE ASALARIADOS / AS (%)				Total
	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 249	
Sobre Software Libre	12,8	9,3	27,8	31,3	13,5
Sobre Software Privativo	36,0	45,3	75,9	70,4	43,5

Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas
 Fonte: OSIMGA


O tamaño da empresa é de novo un factor que parecer incidir nos datos, neste caso aumentando a proporción de empresas que recibiron información comercial sobre Software Libre, de xeito que un 31,3% das empresas de 100 a 249 traballadores/as recibiron accións comerciais sobre Software Libre. No caso do Software Privativo, as empresas de 50 a 99 traballadores/as son as que en maior proporción recibiron información sobre este tipo de software (75,9%)

G.35. EVOLUCIÓN DO INDICADOR

Accións para promover o Software Libre nas empresas

Evolución Galicia

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas)



Fonte: OSIMGA

As empresas enquisadas opinan que as accións máis apropiadas para promover o Software Libre son: a demostración do funcionamento de produtos deste tipo (46,9%), o asesoramento ao caso concreto da empresa (42,8%) e as axudas e subvencións para a súa implantación (41,7%)

C.37. ACCIÓN PARA PROMOVER O SOFTWARE LIBRE NAS EMPRESAS SEGUNDO A PROVINCIA

Accións para promover o Software Libre nas empresas	PROVINCIA (%)					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Sede fóra de Galicia	
Demostracións de produtos de Software Libre	49,0	45,3	55,2	39,2	67,3	46,9
Xornadas de divulgación	25,4	32,9	25,3	17,5	11,7	22,2
Achegar experiencias reais doutras empresas	29,7	38,5	28,4	26,5	17,3	28,4
Formación aos usuarios en Software Libre	45,8	34,7	37,6	32,3	29,1	38,0
Asesorar ao caso concreto da empresa	47,5	52,8	32,1	42,4	18,1	42,8
Axudas e subvencións	45,6	40,2	43,1	37,4	42,6	41,7
Outras	0,8	0,0	0,0	0,0	0,0	0,3
Ns / nc	16,7	21,6	21,4	27,6	29,1	22,4

Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas

Fonte: OSIMGA

O Software Libre nas pequenas e medianas empresas de Galicia

Na maioría das provincias a acción máis demandada para promover o Software Libre son as demostracións deste tipo de produtos salvo no caso de Lugo e Pontevedra, onde piden o asesoramento do caso concreto das empresas (un 52,8% e un 42,4% respectivamente).

C.38. ACCIÓNS PARA PROMOVER O SOFTWARE LIBRE NAS EMPRESAS SEGUNDO A ACTIVIDADE

Accións para promover o Software Libre nas empresas	TIPO DE ACTIVIDADE (%)			Total
	Industria	Construción	Servizos	
Demostracións de produtos de Software Libre	44,0	47,8	48,3	46,9
Xornadas de divulgación	24,2	20,5	21,5	22,2
Achegar experiencias reais doutras empresas	33,1	27,9	25,9	28,4
Formación aos usuarios en Software Libre	37,8	45,2	35,7	38,0
Asesorar ao caso concreto da empresa	46,5	43,1	40,6	42,8
Axudas e subvencións	46,2	41,6	39,1	41,7
Outras	0,8	0,0	0,0	0,3
Ns / nc	22,2	17,2	24,6	22,4

Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas
Fonte: OSIMGA

Analizando a actividade empresarial: as demostracións de produtos de Software Libre son máis demandadas nas empresas do sector Servizos (48,3%) e da Construción (47,8%), mentres que o asesoramento concreto a empresa resalta no sector da Industria (46,5%).

C.39. ACCIÓNS PARA PROMOVER O SOFTWARE LIBRE NAS EMPRESAS SEGUNDO O Nº DE ASALARIADOS / AS


Accións para promover o Software Libre nas empresas	Nº DE ASALARIADOS / AS (%)				Total
	De 10 a 19	De 20 a 49	De 50 a 99	De 100 a 249	
Demostracións de produtos de Software Libre	50,5	42,6	40,2	45,3	46,9
Xornadas de divulgación	21,8	23,7	16,2	27,5	22,2
Achegar experiencias reais doutras empresas	24,8	28,9	44,5	42,2	28,4
Formación aos usuarios en Software Libre	35,2	38,4	59,5	29,8	38,0
Asesorar ao caso concreto da empresa	42,5	45,9	31,7	43,8	42,8
Axudas e subvencións	41,4	43,7	29,4	55,2	41,7
Outras	0,4	0,3	0,0	0,0	0,3
Ns / nc	22,0	22,0	26,3	22,8	22,4

Base: empresas de 10 a 249 traballadores /as que non son persoas físicas
Fonte: OSIMGA

Observando o tamaño empresarial, a demanda de axudas ou subvencións é a máis relevante nas empresas grandes de 100 a 249 traballadores/as (55,2%).

G.36. FORMACIÓN EN TIC RECIBIDA POLO PERSOAL TÉCNICO E USUARIO

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas)




Fonte: OSIMGA

A formación en Software Privativo é superior ás actividades formativas en Software Libre. Non obstante, máis do 15% das empresas facilitaron formación en Software Libre aos seus empregados/as.

G.37. VALORACIÓN DE COÑECEMENTOS EN SOFTWARE LIBRE / PRIVATIVO DOS TÉCNICOS E PERSOAL NON INFORMÁTICO

(% sobre as empresas de 10 a 249 traballadores / as que non son persoas físicas)



Fonte: OSIMGA

O Software Libre nas pequenas e medianas empresas de Galicia

A valoración dos coñecementos sobre Software Privativo é, en xeral, lixeiramente superior á dos coñecementos sobre Software Libre, aínda que a diferenza entre ambas as dúas puntuacións é inferior a 1 punto.

I.4. Conclusións

- O 100% das empresas de Galicia posúen ordenadores de usuario. A porcentaxe de dispoñibilidade de servidores nas empresas galegas ascende ao 83,1%. As empresas estudadas contan cun promedio de 11,9 ordenadores de usuario e 2,1 servidores.
- O 73,9% das empresas galegas de 10 a 249 traballadores/as dispoñen de Software Libre fronte ao 91,3% que teñen Software Privativo. Un 65,1% das empresas ten Software Libre nos ordenadores e un 39,9% nos servidores. No período 2010-2012, a porcentaxe de empresas galegas con Software Libre experimentou un incremento de 10,3 puntos porcentuais.
- Percíbese unha tendencia positiva cara o Software Libre nos ordenadores. Atendendo ao uso de sistemas operativos, constátase un incremento de 13,1 puntos porcentuais (dun 25,3% a un 38,4%) no uso de sistemas operativos libres, acompañado dun descenso de 15,1 puntos porcentuais no uso de sistemas operativos privativos (dun 91,5% ata un 76,4%), o que apunta a que as empresas comezan a confiar na calidade e utilidade dos sistemas operativos libres para os ordenadores de usuario. Ademais, o uso de aplicacións libres reflicte tamén un importante incremento (dun 42,4% a un 63,1%).
- A tendencia na evolución do uso de Software Libre nos servidores é moi similar ao caso dos ordenadores de usuario. Así, hai un incremento no uso de sistemas operativos libres de 9,5 puntos porcentuais, acompañado dun descenso no uso de sistemas operativos privativos de 15,2 puntos porcentuais. No que respecta ás aplicacións, vese un aumento de 3,9 puntos porcentuais no uso de aplicacións libres, que a diferenza que nos ordenadores de usuario vai tamén acompañado dun descenso de 10,3 puntos porcentuais no uso de aplicacións privativas.
- As aplicacións de software libre máis frecuentes nas empresas son os navegadores de Internet (45,4%), as ofimáticas (39,1%), xestores de correo (33,8%) e as de antivirus e seguridade (30,7%).
-
- En termos evolutivos practicamente todas as aplicacións de Software Libre experimentaron un forte crecemento nos últimos anos, especialmente as de ofimática (10,3 puntos porcentuais máis que no ano 2010), antivirus e seguridade (10 puntos porcentuais máis) ou xestión empresarial (8,6 puntos porcentuais máis).

O Software Libre nas pequenas e medianas empresas de Galicia

- O nivel de satisfacción co uso do Software Libre é elevado (6,7 puntos medios en escala de 0 a 10), sendo lixeiramente superior a valoración do Software Privativo con 7,2 puntos.
- Unha de cada catro empresas galegas con Software Libre opina que o uso do Software Libre nos ordenadores aumentará. Un 16,6% cre que a implantación do Software Libre incrementarase nos servidores.
- A maioría das empresas (35,5%) seguen a implantar por si mesmas o Software Libre que empregan, aínda que en valores próximos ao 32,9% que recorreron a un provedor informático comercial para poder utilizalo.
- O 26,1% das empresas galegas non utilizan Software Libre nos seus equipos informáticos.
- A porcentaxe de empresas que non prevén o uso futuro do Software Libre mantén o descenso que se iniciou o ano pasado, baixando do 61,6% no ano 2010 ata o 41,1% no 2012. Un 16,7% das empresas que non usa Software Libre prevé implantalo antes de dous anos.
- O 56,9% das empresas consideran que, aínda que non dispoñen de Software Libre, a súa utilización sería beneficioso para elas, 21,9 puntos máis que no ano 2010.
- Os motivos máis sinalados polas empresas que non usan o Software Libre son o descoñecemento ou falta de información (49,4%), a complexidade ou o risco ante o cambio (38,6%) ou a falta de formación ao respecto (35,6%).
- O 54,8% das empresas galegas opina que o uso do Software Libre experimentará un incremento no mercado.
- O 13,1% das empresas consultadas prevé realizar un desenvolvemento de software na súa propia empresa e o 51,1% destas empresas valorarían positivamente que este fose en Software Libre.
- Un 13,5% das empresas recibiron accións comerciais en Software Libre fronte ao 43,5% que as recibiron en Software Privativo.
- As actuacións para incentivar o Software Libre nas empresas máis demandadas son: a potenciación de demostracións de funcionamento (46,9%) asesoramento no caso concreto de cada empresa (42,8%) e as axudas ou subvencións para a súa implantación (41,7%).

O Software Libre nas pequenas e medianas empresas de Galicia

